

# son o que se di unha miñoa galega

cristina balboa - actriz e creadora escénica



*Despois de ler o texto de Ánxela son devorada polas fauces do abismo creativo e respóndolle:*

*Xa o dixeches todo!*

*Aínda que o meu hipotiroidismo subclínico faime máis débil ás tentacións da preguiza decido que non defraudarei á quen me convidou a falar dos expedientes x da distribución galega. Analizo cada pregunta de Ánxela e doume conta que me reflexo en todas, menos na do mimo, aínda que teño un curso da USC sobre mimodrama moderno de Marcel Marceau e o mimo corporal dramático de Étienne Decroux.. Así que todas as súas cuestións atrávesanme polo centro, por arriba, por abaixo e mesmo pola tanxente. Tanxente é un título para un festival de creación contemporánea que quero dirixir máis pronto que tarde aquí na contorna. Mentras sigo proxectando solucións de autoxestión e automotivación cos brazos abertos á colaboración, decántome pola autoexpresión.*

Levo varios días pensando en como enfocar esta participación estelar nunha mesa de traballo sobre a distribución de pezas raras en Galicia. Pero non deixo de pensar na valoración dunha rusa nunha das miñas habitacións de erbinbi. A tipa puxo que os meus electrodomésticos eran vellos, as portas chirriaban e as paredes eran moi delgadas, escoitándose un eco tipo Iker Jiménez a través dos muros. Todo isto porque lles chamei a atención por non avisar da hora á que chegaban. Chegaron mentras Manu, o meu consorte, máis eu estábamos a ver Soma no Salón Teatro, unha peza rara do creador Javier Martín que a pesar do rara rara rara que era, conseguira unha boa afluencia de público. Aínda que en palabras do artista nunca é suficiente. Pois mentras estábamos realizando o noso acto de rebeldía semanal, ir ó teatro a ver danza contemporánea, chegaron as rusas sen avisar e comezaron a asediarme a chamadas e mensaxes. Where are you? Foi a primeira mensaxe. Quixen responder: aquí tocándome el toto en casa agardando por vos dende as 13.00 da tarde. Eran las 21.00. As extranxeiras puxéronme un un sobre cinco de valoración no apartado: proceso de chegada. No canto de admitir o seu erro e falta de consideración polo noso tempo de ocio un sábado pola noite, bótannos a culpa e baixan a nosa nota media na aplicación a 4,6.

Non me responden ós mails. Os programadores nin sequera responden as mensaxes de feisbuk que lles mando cando os vexo conectados no chat do messenger. Ó principio dábase cousa falar cos programadores polas redes sociais pero é que teño déficit de atención por parte da

# “os programadores son o inimigo a derribar, un Kao sería conseguir un bolo, e isto pasa coma o cometa haley”

xente que xestiona os espacios de exhibición galegos. Pero xa me da todo igual. A eles non lles importa o meu traballo porque non teñen corazón, nin idea de teatro, nin de creación... Cando me poño a pensar en distribución comezo a verme como unha estrategia militar que intenta chegar ó inimigo. Porque en Galicia os programadores son o inimigo a derribar, un Kao sería conseguir un bolo, e isto pasa coma o cometa haley, unha vez cada moito tempo. Sinto se son violenta pero é que creo que os programadores me teñen manía. E eu mira que son boa, ou fun boa. Agora so lles mando un mail duas veces ó ano. Un para a rede do primeiro semestre e outro para o segundo. E lles mando o vídeo completo, que despois de ano e medio ten 21 visualizacións, entre a distri nacional, a galega e os meus amigos. 21 personas viron o meu espectáculo, ou comezaron a velo. Non podó saber si remataron de velo, o principio é un pouco lento porque é unha lectura onde comunicamos a nosa decisión irrevocable, ata nova peza, de pasarnos ó mundo da canción. Pero no minuto 20 comeza o bo, a acción vertixinosa, os sonidos máxicos e as letras desgarradoras. Pena que seguro que non aturaron tanto. E eu que traballei un ano vendendo R a porta fría, sei que todo é cuestión de probabilidades. Para conseguir un bolo na contorna tes que chegar mínimo a 50 persoas.

Non tedes a sensación de que sodes unhas iluminadas e que o voso reino non é deste mundo? A min pásame todo o tempo. Vou por ahí creando dende a precariedade, tomando como campo de cultivo o meu sempiterno fracaso e dígame: Estás no bo camiño Cristina. Sigues sendo a que mellor fracasa. Porque ahí está a túa forza, o teu superpoder e ó mesmo tempo a túa espada de Damocles. O teatro me mata. Últimamente non estou ben de saúde mental, nin de saúde menstrual, nin dixestiva. A miña nutricionista dime que teño un cadro de stress agudo. Porque teño a obriga de demostrar que todas as renuncias que fixen para pasearme un par de veces o ano en condiciones precarias polas tablas dalgún sitio, pagou a pena. Pero isto so é unha rabieta dunha europea de clase “me busco la vida” e que nunca pasou fame. A todas as artistas que como min están comezando despois de dez anos e cuxa única participación nunha feira escénica galega foi un showcase da súa primeira peza, a exitosa *Oiseau Rebelle*, que chegou á friolera de 22 funcións, recoméndovos que invirtades en negocios inmobiliarios. Aquí en Santiago pódese vivir alugando un par de habitacións na túa casa e, despois, con todo o tempo dispoñible podes armar a túa empresa cultural de sofá, mandando mails, creando videos promocionais, posteando un par de movidas sobre o voso proceso creativo para que pareza que ese é o centro das vosas vidas. A arte é tan periférica que se materializa nesas duas semanas que che prestan para facer residencias e presentar un traballo de calidade superior, como están habituados os espectadores galegos. A traballos high class, high produced, high friendly. Que isto se fai por ciencia infusa e gracias a lecturas sobre o mal que está a creación contemporánea, sobre a decadencia, o subsuelo. Son o que se di unha miñoa galega. Gustaríame máis ser unha cucaracha, que resisten ata unha guerra nuclear, pero eu non sei se aguntarei tanto.

---

## Texto 5. Cara a unha escena plural. Cristina Balboa.

*Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da Galicia Escena PRO, o encontro de profesionais do campo da artes escénicas que organiza Escena Galega e Agadic.*